

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española				
Materia	Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española			
Código	V01G180V01103			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Sueiro Justel, Joaquin			
Profesorado	Sueiro Justel, Joaquin			
Correo-e	jsueiro@uvigo.es			
Web	http://hhtp:faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia pretendemos ensinarlle ao alumnado a lograr unha adecuada, coherente e correcta comunicación oral e escrita que lle permita non só alcanzar unha boa expresión, básica nestes estudos, senón tamén a capacidade de analizar e valorar criticamente diferentes manifestacións comunicativas tanto orais como escritas.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española.	A1 A6	B1
- Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita.	A4 A8 A11	B1 B3
- Desenvolver autonomía para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando adecuadamente os recursos da lingua española.	A9 A10 A12	B3

Contidos	
Tema	
1. A comunicación.	1.1. A linguaxe como sistema de comunicación.
2. Norma e uso do español: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo.	2.1. Materiais de consulta sobre a norma e o uso do español.
4. Modalidades textuais.	4.1. Descrición e narración. 4.2. Exposición e argumentación. 4.3. Textos epistolares e administrativos. 4.4. Textos xurídicos. 4.5. Textos publicitarios. 4.6. Textos científicos. 4.7. Textos periodísticos.
5. A oralidade.	5.1. Formas da comunicación pública: o debate, o foro, o coloquio etc.
6. Relacións entre oralidade e escritura.	6.1. Relaciones de (in)dependencia entre o español oral e o español escrito.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	16	3	19
Presentacións/exposicións	6	26	32
Traballos de aula	12	26	38
Titoría en grupo	4	5	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	24	32
Traballos e proxectos	2	18	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	As horas destinadas ás clases maxistrais centraranse na explicación dos contidos teóricos da materia.
Presentacións/exposicións	O alumnado e o profesorado elixirán temas relativos aos contidos da materia, a partir do visto na aula e nas titorías, e o alumnado realizará sobre eles unha breve análise teórica e unha exposición oral na aula.
Traballos de aula	Nas horas marcadas na planificación para os traballos de aula, realizaranse prácticas tanto da norma e o uso do español como de análise e produción de textos escritos e orais.
Titoría en grupo	Estas titorías destinaranse á resolución de dúbidas que lle poidan xurdir ao estudantado e que non se traten na clase e á orientación para realizar os traballos e as exposicións marcadas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Presentacións/exposicións	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas e que vaia traballando co profesor a estrutura, a secuenciación e o contido dos seus traballos e exposicións. Na aula prestaráselles tamén especial atención ás dúbidas que xurdan da resolución das prácticas realizadas.
Titoría en grupo	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas e que vaia traballando co profesor a estrutura, a secuenciación e o contido dos seus traballos e exposicións. Na aula prestaráselles tamén especial atención ás dúbidas que xurdan da resolución das prácticas realizadas.

Traballos de aula	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas e que vaia traballando co profesor a estrutura, a secuenciación e o contido dos seus traballos e exposicións. Na aula prestaráselles tamén especial atención ás dúbidas que xurdan da resolución das prácticas realizadas.

Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas e que vaia traballando co profesor a estrutura, a secuenciación e o contido dos seus traballos e exposicións. Na aula prestaráselles tamén especial atención ás dúbidas que xurdan da resolución das prácticas realizadas.
Traballos e proxectos	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas e que vaia traballando co profesor a estrutura, a secuenciación e o contido dos seus traballos e exposicións. Na aula prestaráselles tamén especial atención ás dúbidas que xurdan da resolución das prácticas realizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Elección dun tema relacionado con algún dos contidos vistos na clase, por exemplo algunha modalidade textual ou unha forma de comunicación oral, e elaboración dun breve traballo de análise que deberá ir acompañado dunha exposición oral na aula.	40
Traballos de aula	Execución na aula de exercicios propostos polo docente e análise de textos e de producións orais.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización e entrega de exercicios prácticos ou cuestións relacionadas con lecturas propostas.	20
Traballos e proxectos	Lectura de traballos especializados nos contidos da materia e realización de resumos e de exposicións orais sobre eles.	20%

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua. Para poder seguir esta avaliación terá que asistirse ó **80% mínimo das horas.** A asistencia é un requisito para seguir a avaliación continua, pero non será puntuada na nota global. Para superar a materia, os alumnos deberán realizar **todos** os traballos estipulados polo profesor (traballos de aula, presentacións e exposicións de traballos, resolución de problemas ou exercicios e traballos e proxectos). As prácticas ou exercicios propostos terán que ser entregados na data establecida. **Fóra dese prazo non serán admitidos.** A nota final será a suma de todos estes traballos.

A condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das aulas. Se algún alumno ou alumna non pode asistir ó 80 % das clases por razóns laborais ou persoais, deberá comunicalo ó profesor nos primeiros 15 días de clase. Neste caso, haberá de presentarse a unha modalidade de avaliación única que consistirá nunha proba teórica (50% da nota) e outra práctica que constará de tres exercicios escritos (30% da cualificación) e dunha breve exposición oral (20%) da cualificación.

2ª Edición de actas.

O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua ou non se presente á mesma, poderá realizar un único examen na convocatoria de xullo, na data estipulada oficialmente. Este exame terá unha parte teórica (50% da nota) e outra práctica que consistirá en tres probas escritas (30% da cualificación) e unha breve exposición oral (20 %).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía principal

Álvarez Menéndez, A. I. (2005): *Hablar en español: la cortesía verbal, la pronunciación estándar del español, las formas de expresión oral*, Oviedo, Nobel.

Briz, A. (coord.) (2008): *Saber hablar*, Madrid, Aguilar.

Mesanza López, J. (2009): *Hablar y escribir correctamente: barbarismos, impropiedades y dudas en el español oral y escrito*, Madrid, Wolters Kluwer.

Sánchez Lobato, J. (coord.) (2006): *Saber escribir*, Madrid, Aguilar.

Bibliografía complementaria

Abascal, Mª D. (2004): *La teoría de la oralidad*, Málaga, Universidad de Málaga.

Álvarez, M. (1993): *Tipos de escrito I: Narración y descripción* , Arco libros, Madrid.

Álvarez, M. (1994): *Tipos de escrito II: Exposición y argumentación*, Arco libros, Madrid.

Álvarez, M. (1995): *Tipos de escrito III: Epistolar, administrativo y jurídico*, Arco libros, Madrid.

Casado Velarde, M. (1993): *Introducción a la Gramática del texto,* Cuadernos de Lengua española, Arco libros, Madrid.

Ferreiro, E. (2002): *Relaciones de (in)dependencia entre oralidad y escritura*, Barcelona, Gedisa.

Gutiérrez Ordóñez, S. (2000): *Temas, remas, focos, tópicos y comentarios*, Cuadernos de Lengua española, Arco.

Outras fontes

Ao longo do curso, os alumnos terán que consultar tamén fontes electrónicas tanto escritas, tales como xornais en rede (ex.: www.elpais.es; www.farodevigo.es) coma orais.

Recomendacións